

MODELO 6

Instruccións para a elaboración do estudo de viabilidade económica do proxecto da empresa de base tecnolóxica

A entidade investidora deberá expoñer as razóns polas que considera o proxecto viable economicamente. Trátase de fundamentar a decisión de investir no proxecto da empresa de base tecnolóxica comentando os datos cuantitativos recollidos nos puntos do cuestionario 2.6 a 2.7 e aludindo a:

1.º Mercado potencial:

a) Posibles aplicacións do produto. Vantaxes que comporta o produto ó cliente ou usuario, en comparación coa oferta presente no mercado.

b) Volume do mercado nacional e estranxeiro relacionado co proxecto.

2.º Análise da competencia: empresas competidoras máis significativas e posibilidade de se introducir no mercado.

MODELO 7

Instruccións para a elaboración da memoria técnica

Deberá responder ó seguinte índice:

a) Obxectivo do proxecto da empresa de base tecnolóxica.

b) Descrición do proxecto da empresa de base tecnolóxica: desenvolvemento tecnolóxico que comporta, novidades ou melloras en procesos ou produtos.

c) Metodoloxía de desenvolvemento e plan de traballo da empresa nos próximos tres anos (ano en que se realiza a achega e dous posteriores).

d) Colaboracións externas: explicación das tarefas encomendadas a organismos públicos de investigación ou a centros tecnolóxicos.

e) Outros aspectos que se crea necesario destacar á vista dos criterios de avaliación recollidos no artigo 13 do real decreto.

14079 REAL DECRETO 648/2002, do 5 de xullo, polo que se modifica o anexo III do Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro, sobre normas xerais de instalación e funcionamento das estacións de ITV. («BOE» 169, do 16-7-2002.)

O modelo de informe establecido no anexo III do Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro, sobre normas xerais de instalación e funcionamento das estacións ITV, definía unha codificación dos defectos encontrados na inspección ITV acordada coa metodoloxía existente no momento da súa publicación.

En aplicación do artigo 12 do Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, polo que se regula a inspección técnica de vehículos, o Manual de procedemento de inspección das estacións ITV foi sometido a unha revisión para adaptalo ós criterios técnicos de inspección, tanto de carácter nacional como da Unión Europea na materia.

Como consecuencia da dita revisión, foi necesario modificar a denominación, agrupamento e codificación da maioría das unidades de inspección dos vehículos.

Resulta, por tanto, necesario modificarlo citado modelo de informe de inspección para adecualo ó novo Manual de procedemento de inspección das estacións ITV, así como para mellorar a información sobre o alcance e rastrexabilidade da inspección, medicións efectuadas durante a inspección e mellorar a información ó usuario sobre os defectos encontrados durante a inspección e o seu alcance.

Este real decreto dítase ó abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de bases e coordinación da planificación xeral da economía e de tráfico e circulación de vehículos de motor, establecidas polos artigos 149.1.13.^a e 149.1.21.^a, respectivamente, da Constitución española.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Ciencia e Tecnoloxía, co previo informe do Ministerio de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación no Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de xullo de 2002,

DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación do anexo III do Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro.*

Modifícase o anexo III do Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro, que queda redactado como se indica no anexo desta disposición.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de bases e coordinación da planificación xeral da economía e de tráfico e circulación de vehículos de motor, establecidas polos artigos 149.1.13.^a e 149.1.21.^a, respectivamente, da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2003.

Dado en Madrid o 5 de xullo de 2002.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Ciencia e Tecnoloxía,
ANNA M. BIRULÉS I BERTRAN

«ANEXO III

Características do informe de inspección técnica de vehículos e normas para a súa formalización

I. Características do informe.

Primeiro. 1. Apróbase o modelo do informe de inspección técnica de vehículos, que se inclúe no apéndice 1 deste anexo.

2. O informe constará dos seguintes epígrafes:

- A. Identificación da estación ITV e do vehículo.
- B. Alcance e rastrexabilidade da inspección.
- C. Medicións efectuadas durante a inspección.
- D. Relación de defectos encontrados na inspección.
- E. Resultado da inspección.

3. O dito informe ten carácter de información básica, e pode ser modificado por cada comunidade autónoma pero mantendo tódolos conceptos, gru-

pos e códigos das unidades de inspección correspondentes.

O informe consta de dúas follas; a primeira delas quedará en poder da estación ITV. A segunda folla será entregada ó interesado e nela figurarán, como mínimo, os seguintes epígrafes do informe: identificación da estación ITV e do vehículo, medicións efectuadas durante a inspección, relación de defectos encontrados na inspección e resultado da inspección. Adicionalmente, remitiráselle o contido do informe de inspección, na forma que o órgano competente da comunidade autónoma dispoña, ó órgano competente da comunidade autónoma onde está radicada a estación ITV.

De cada inspección que se realice, a comunidade autónoma remitiralle ó organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico os datos necesarios para a anotación no Rexistro de Vehículos, seguindo as instrucións que este dicte.

Segundo. No caso de vehículos que pasen unha nova inspección, por ser desfavorable ou negativa a anterior, utilizarase un novo impreso de informe cun número diferente, facéndose constar no epígrafe de observacións o número de informe da inspección anterior e o código da estación ITV onde pasou a primeira inspección, no caso de non se-la mesma.

II. Normas para a formalización do informe de inspección técnica de vehículos.

A. Identificación da estación ITV e do vehículo.

Número. Indicarase o número correlativo da inspección, de acordo coa organización interna de cada estación ITV.

Razón social e enderezo da estación ITV. Farase constar a razón social da estación ITV e o seu enderezo.

Estación. Consignarase o número asignado á estación ITV.

Liñas. Indicarase a ou as liñas da estación ITV nas que foi realizada a inspección.

Tipo de inspección. Farase constar o tipo de inspección que se está realizando de entre as establecidas regulamentariamente.

Data de inspección. Farase constar a data de inspección que dá lugar ó informe, indicando día, mes e ano.

Data próxima inspección. Farase constar a data antes da que debe o vehículo pasa-la próxima inspección periódica no caso de inspección favorable.

Clasificación do vehículo. Empregarase a codificación no anexo II do Regulamento xeral de vehículos. Constará, como máximo, de catro cifras.

Marca. Consignarase a marca do vehículo.

Tipo. Consignarase o tipo do vehículo que figura na tarxeta ITV.

Contrasinal de homologación. Se se trata de vehículos homologados, consignarase o contrasinal de homologación que figure na tarxeta ITV. Se se trata de vehículos non homologados, deixárase en branco.

Data de primeira matriculación. Anotarase a data de matriculación do vehículo, salvo no caso en que o vehículo tivese anteriormente outras matriculas,

en que se fará constar a data de primeira matriculación que figura no permiso de circulación.

Matrícula actual. Farase constar a matrícula que figure no permiso de circulación do vehículo, consignando os caracteres, números e letras, sen deixar espazo entre eles.

Número de bastidor. Farase constar o número de bastidor do vehículo.

B. Alcance e rastrexabilidade da inspección.

Para cada unidade de inspección (sistemas, elementos, compoñentes), farase constar unha marca que identifique o inspector que a realizou. No caso de que a unidade non sexa obxecto de inspección, marcarase como «NA». Neste epígrafe farase constar tamén o número de identificación de tódolos equipos utilizados nas medicións que se efectuarán no epígrafe seguinte. As comunidades autónomas poderán adoptar outros procedementos que permitan identificar cales foron os sistemas obxecto da inspección e que garantan a rastrexabilidade da inspección.

C. Medicións efectuadas durante a inspección.

Para cada unha das medicións de emisións, freada e aliñación e, se é o caso, velocidade de actuación do limitador de velocidade e rúidos, farase constar o valor da medición obtido. As medicións que non se realicen marcaranse cun guiñón. No caso de medicións de freada e aliñación, para cada eixe, empezando polo dianteiro, anotarase o valor da medición, separando os valores de cada eixe cunha barra inclinada. Cando a medición fose realizada con decelerómetro, o valor que se fará constar será a deceleración medida en m/s^2 , facendo constar no epígrafe de observacións que a dita medición foi realizada con decelerómetro.

D. Relación de defectos encontrados na inspección.

Para cada defecto, farase constar o código da unidade de inspección onde foi detectado, a súa cualificación como defecto leve, grave ou moi grave e a descrición do defecto, complementando a que figura no epígrafe de interpretación de defectos do manual de procedemento de forma que sexa perfectamente identificado e a súa localización.

E. Resultado da inspección.

Farase constar, segundo o caso, se a inspección foi considerada como favorable, favorable con defecto leve, desfavorable ou negativa. Tamén figurará a sinatura do informe por persoa autorizada da estación ITV, xunto co selo da estación. Finalmente, no caso de inspección favorable con defecto leve, desfavorable ou negativa, o usuario asinará o "informado".

No epígrafe de observacións, a estación ITV fará constar outros aspectos que consideren necesarios para completar o informe de inspección. Cando un dos defectos fose cualificado como defecto moi grave, neste epígrafe farase constar que iso obriga a inmovilizar o vehículo, permitindo só o seu traslado por medios alleos a el.»

APÉNDICE 1 Ó ANEXO III

A.- IDENTIFICACIÓN DA ESTACIÓN ITV E DO VEHÍCULO

INFORME DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE VEHÍCULOS					Nº
ESTACIÓN LIÑAS		(RAZÓN SOCIAL E ENDEREZO DA ESTACIÓN ITV)			
TIPO DE INSPECCIÓN:		DATA INSPECCIÓN:		DATA PRÓX. INSP.	
CLASIF. VEHÍCULO	MARCA	TIPO	CONTRASINAL HOM	DATA 1ª MATRICULACIÓN	
MATRÍCULA ACTUAL			NÚMERO DE BASTIDOR		

B.- ALCANCE E RASTREXABILIDADE DA INSPECCIÓN

UNIDADE DE INSPECCIÓN	UNIDADE DE INSPECCIÓN	UNIDADE DE INSPECCIÓN		
1.- IDENTIFICACIÓN	4.-ILUMINACIÓN E SINALIZAC. (CONT.)	6. FREOS (CONT.)		
1.1 DOCUMENTACIÓN	4.5 LUCES DE FREADO	6.20 CILINDROS DO SIST. DE FREADO		
1.2 NÚMERO DE BASTIDOR	4.6 LUZ DE PLACA DE MATR. TRAS.	6.21 VÁLVULA SENSORA DE CARGA		
1.3 PLACAS DE MATRÍCULA	4.7 LUCES DE POSICIÓN	6.22 AXUSTAD. TENSIÓN AUTOMÁTICA		
	4.8 LUZ ANTINÉBOA			
2.- ACOND. EXT. CARROC. CHASIS	4.9 LUZ DE GÁLIBO			
2.1 ANTIEMPOTR. DIAANTEIRO	4.10 CATADIÓPTICOS	7.- DIRECCIÓN		
2.2 CARROCERÍA E CHASIS	4.11 ILUMINACIÓN INTERIOR	7.1 DESVIACIÓN DE RODAS		
2.3 DIPOSITIVOS DE ACOPLAM.	4.12 AVISADOR ACÚSTICO	7.2 VOLANTE E COLUMNA DIREC.		
2.4 GARDALAMAS E DISP. ANTIPROX.	4.13 LUZ DE ESTACIONAMENTO	7.3 CAIXA DE DIRECCIÓN		
2.5 LIMPA E LAVAPARABRISAS	4.14 SINALIZACIÓN DE APERT. PORTAS	7.4 TEMONERÍA E RÓTULAS		
2.6 PROTECCIÓN LATERAIS	4.15 SINALIZACIÓN LUMINOSA ESPECÍF.	7.5 SERVODIRECCIÓN		
2.7 PROTECCIÓN TRASEIRA				
2.8 PORTAS E CHANZOS				
2.9 RETROVISORES	5.- EMISIÓN CONTAMINANTES	8.- EIXES, RODAS, PNEUMÁT. SUSP.		
2.10 SINAIS NOS VEHÍCULOS	5.1. RUÍDO	8.1 EIXES		
2.11 SOPORTE EXT. RODA DE RECAMBIO	5.2 VEH. MOTOR DE ACEND. CHISPA	8.2 RODAS		
2.12 VIDROS DE SEGURIDADE	5.3 VEH. MOTOR DE ACEND. POR COMPR.	8.3 PNEUMÁTICOS		
2.13 ELEM. EXCL. VEHÍC M2 E M3		8.4 SUSPENSIÓN		
	6.- FREOS			
	6.1 FREO DE SERVICIO	9.- MOTOR E TRANSMISIÓN		
3.- ACONDIC. INTERIOR	6.2 FREO DE SOCORRO	9.1 ESTADO XERAL DO MOTOR		
3.1 ASSENTOS E AS SÚAS ANCORAXES	6.3 FREO DE ESTACIONAMENTO	9.2 SISTEMA DE ALIMENTACIÓN		
3.2 CINTOS DE SEG. E ANCOR.	6.4 FREO DE INERCIA	9.3 SISTEMA DE ESCAPE		
3.3 DISP. DE RETENC. PARA NENOS	6.5 DISPOSITIVO ANTIBLOQUEO	9.4 TRANSMISIÓN		
3.4 ANTIXEO E ANTIBAFO	6.6 DISPOSITIVO DE DESACELER.	9.5 VEH. QUE EMPR. GAS COMO CARB.		
3.5 ANTIRROUBO E ALARMA	6.7 PEDAL DO DISP. DE FREADO			
3.6 CAMPO DE VISIÓN DIRECTA	6.8 BOMBA BALEIRO OU COMPR. E DEP.			
3.7 DISP. DE RETENC. DA CARGA	6.9 INDICADOR DE BAIXA PRESIÓN	10.- OUTROS		
3.8 INDICADOR DE VELOCIDADE	6.10 VÁLV. REGUL. FREO DE MAN	10.1 TRANSP. MERCAD. PERIG.		
3.9 SAÍNTES INTERIORES	6.11 VÁLVULAS DE FREADO	10.2 TRANSP. MERCADORÍAS PERCEC.		
3.10 ELEM. EXCL. DE VEH. M2 E M3	6.12 ACUM. OU DEPÓSITO DE PRESIÓN	10.3 TRANSPORTE ESCOLAR		
	6.13 ACOPL. FREOS DE REMOLQUE	10.4 TACÓGRAFO		
4. ILUMINACIÓN E SINALIZAC	6.14 SERVOFR. CILINDRO MANDO	10.5 LIMITADOR DE VELOCIDADE		
4.1 LUCES DE CRUZAMENTO E ESTRADA	6.15 TUBOS RÍXIDOS	10.6 REFORMAS NON AUTORIZADAS		
4.2 LUZ DE MARCHA ATRÁS	6.16 TUBOS FLEXIBLES			
4.3 LUCES INDICAD. DE DIRECC.	6.17 FORROS			
4.4 SINAL DE EMERXENCIA	6.18 TAMBORES E DISCOS			
	6.19 CABLES, VARIÑAS, PANCAS			
EQUIPOS DE MEDICIÓN				
EMISIÓN	FREADO	ALIÑACIÓN	VEL. ACT. LÍM. VEL.	RUÍDOS:
Identif:	Identif:	Identif:	Identif:	Identif:

C.-MEDICIÓN EFECTUADAS DURANTE A INSPECCIÓN

EMISIÓN	Opacidade: _____ m ⁻¹	CO ralenti: _____ %	CO ralenti acel: _____ %	λ: _____ %
FREADA	Freo de servicio	F: N	F: N	ALIÑACIÓN
	Freo de socorro	F: N	F: N	
	Freo de estacionamento	F: N	F: N	
VEL. ACTUAC. LIMITADOR DE VELOC.		Km/h	RUÍDOS	dB

D.- RELACIÓN DE DEFECTOS ATOPADOS NA INSPECCIÓN

(As descrições deste cadro consígnanse a modo de exemplo)

UNIDADE	CUALIFICACIÓN	DESCRIPCIÓN DO DEFECTO
2.7	Defecto grave	1. Dispositivo de protección traseira inexistente sendo obrigatorio.
4.3	Defecto grave	6. Cor non regulamentaria da luz emitida.
7.3	Defecto leve	5. Defectos de estado na caixa de dirección

E.- RESULTADO DA INSPECCIÓN (DE CONFORMIDADE CO Rd 2042/1994)

FAVORABLE <input type="checkbox"/>	DESFAVORABLE <input type="checkbox"/>	OBSERVACIÓN
FAV C/DEF. LEVE <input type="checkbox"/>	INSP. NEGAT. <input type="checkbox"/>	
VISTO E PRACE ESTACIÓN	INFORMADO O USUARIO	
SINATURA E SELO		